

ADDENDA NÚM. 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCCIÓN DE TRES NOVAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS. OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPOSTA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19.

REUNIDOS:

Dunha parte Dona Ángeles Vázquez Mejuto na súa calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, (DOG núm.181 do 7 de setembro de 2020) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante SOGAMA), representada por Don Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade, con data 11 de febreiro de 2015, que intervéen exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

EXPOÑEN:

I.- Con data 27 de xullo de 2021 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) un convenio de colaboración para a axuda para a construción de tres novas plantas de biorresiduos. Operación susceptible de financiamento ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do Covid-19.

No convenio establécense as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a SOGAMA para as actuacións no tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU) financiando a construción de tres instalacións de tratamento situadas nos Concellos de Cervo, Lalín e Vilanova de Arousa, destinadas ao

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL,
SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



tratamento y elaboración de compost a partir da recollida selectiva municipal dos residuos da devandita fracción.

II.- Con data 10 de setembro do 2021 as partes asinaron a addenda 1 co obxecto de actualizar o orzamento da planta de Vilanova de Arousa.

V.- En data 15 de decembro do 2021 celebrouse unha xuntanza da comisión de seguimento prevista pola cláusula undécima do convenio ao obxecto de tomar razón das incidencias acaecidas na execución do mesmo e debater e propoñer o necesario para a continuidade do seu desenvolvemento.

Co obxecto acadar as finalidades que motivaron a subscrición do convenio, dita comisión emitiu proposta de modificación das cláusulas "Terceira. -Financiamento e contía máxima da subvención", "Sexta. - Prazos de realización das actuacións subvencionadas", "Oitava.- Xustificación das actuacións subvencionables", "Novena. - Pagamento da subvención", "Duodécima. - Entrada en vigor e duración", así coma do "ANEXO 1.- Construcción de plantas de tratamento de biorresiduos", facendo constar que as modificacións propostas non supoñen incremento algún das cantidades máximas da axuda nin do termo final de vixencia do convenio, así coma que os sobrecostos resultantes das incidencias acaecidas na execución das actuacións subvencionables serán asumidos integramente por SOGAMA.

Por todo isto, procede modificar o acordo vixente para adaptar as obrigas nel establecidas á nova realidade.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente addenda conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Modificación do *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCCIÓN DE TRES NOVAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS. OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPONSA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19*, suscrito o 27 de xullo do 2021.

Modifícanse as cláusulas que a continuación se indican



Modificación da Cláusula "Terceira. -Financiamento e contía máxima da subvención", que pasa a ter a seguinte redacción:

Os gastos orixinados pola execución do Convenio serán financiados a través da subvención directa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por razóns de interese público, social e económico. O importe total ascende a vinte e cinco millóns de euros (25.000.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.741.02 do proxecto 2021 00039 denominado "Construción da rede de plantas de tratamento de biorresiduos", quedando o investimento total distribuído do seguinte modo:

ANO	INVESTIMENTO SOGAMA	SUBVENCIÓN
2021	2.516.781,26 €	2.516.781,26 €
2022	26.364.569,97 €	22.483.218,74 €
TOTAL	28.881.351,23 €	25.000.000,00 €

SOGAMA asume a obriga de financiar exclusivamente por conta propia a totalidade do importe derivado da construción das plantas no importe que supere a achega realizada pola Xunta de Galicia a través deste convenio, así como, no seu caso, o importe de posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e / ou revisións de prezos que se poidan producir.

A achega da Xunta de Galicia en ningún caso poderá superar o importe resultante da adjudicación do contrato inicial polo que, no caso de que o orzamento de adjudicación (IVE engadido) fose inferior á axuda estipulada no presente convenio, esta se minorará ate igualar o importe da adjudicación do contrato.

As actuacións anteriores, sempre que non supoñan un incremento do importe das obrigas de contido económico asumidas pola Xunta de Galicia, ou do número de exercicios orzamentarios autorizados aos que se imputan ditas obrigacións, reflectiranse nos acordos da comisión de seguimento sen que sexa preciso a firma de addendas para modificar o convenio.

Modificación da Cláusula "Sexta. - Prazos de realización das actuacións subvencionadas", que pasa a ter a seguinte redacción:

O prazo de execución da actuacións subvencionadas abarcará desde o 1 de febreiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2022.

Modificación da Cláusula "Oitava.- Xustificación das actuacións subvencionables", que pasa a ter a seguinte redacción:

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL,
SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



Para a xustificación económica deberá presentarse a documentación que se sinala a seguir:

1. Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nos seus deberes tributarios, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor.

2. Un resumo da execución por cada unha das plantas de biorresiduos financiadas, desagregando os distintos conceptos de gasto subvencionables, o importe (IVE excluído), e a data dos gastos e do pagamento.

3. Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter información suficiente que permita relacionalas co gasto xustificado.

4. Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente, así como o número e o importe total da factura obxecto do pagamento.

5. Declaración responsable de que non solicitou nin ten concedidas outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas

De acordo co artigo 28.7 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no suposto de adquisición de bens inmoables, ademais dos xustificantes establecidos no parágrafo 3 deste artigo, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente Rexistro Oficial.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, SOGAMA deberá solicitar, como mínimo, 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á adquisición do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a adquisición do ben, a menos que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren (neste caso presentarse escrito aclaratorio desta circunstancia asinado polo representante legal ou un experto independente) ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio.

Sen prexuízo do anterior, SOGAMA deberá respectar na tramitación dos procedementos de licitación das actuacións financiadas a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que lle resulte de aplicación. Para ese efecto, coa documentación xustificativa achegarase certificación expedida pola persoa responsable do control de legalidade de SOGAMA na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública, no que lle resulte de aplicación. A consellería poderá solicitar a documentación relativa ás contratacións efectuadas polo beneficiario.



Para a xustificación do cumprimento dos deberes de publicidade achegárase documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) que acredite este cumprimento e información sobre o valor de realización do indicador de produtividade asociado ás operacións.

Sen prexuízo do establecido na cláusula novena, a presentación da documentación xustificativa realizarase para a anualidade 2021 ata o 31 de decembro e para a anualidade 2022 entre o 1 de decembro e o 31 de decembro.

En cumprimento do artigo 30.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, ao tratarse dunha subvención de capital superior a 60.000 euros destinada a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

Modificación da Cláusula "Novena. - Pagamento da subvención", que pasa a ter a seguinte redacción:

O pagamento da subvención realizarase en función da xustificación prevista na cláusula oitava. Non obstante, poderán realizarse pagamentos a conta, segundo o estipulado no artigo 62.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia tras a presentación das facturas parciais e/ou, de ser o caso, certificacións de obra, respondendo ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen prexuízo da xustificación contemplada na cláusula oitava deste convenio á finalización do prazo de execución.

Ao abeiro do artigo 62.2 e 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagos a conta poderá chegar como máximo ata o límite do 90 % do importe da subvención.

Así mesmo, non será necesario que SOGAMA presente as garantías contempladas no artigo 67 do Regulamento, de conformidade co artigo 65.4 da citada norma.

Modificación da Cláusula "Duodécima. - Entrada en vigor e duración", que pasa a ter a seguinte redacción:

O presente Convenio perfeccionarase coa sinatura das partes. O prazo total de execución da actuación finaliza o 30 de novembro de 2022.

O prazo de vixencia deste convenio finalizará o 31 de decembro de 2023, que se considerará como data de finalización das operacións a efectos do DECA, polo que a axuda deberá estar totalmente pagada.

Modificación do "ANEXO 1.- Construcción de plantas de tratamento de biorresiduos", que pasa a ter a seguinte redacción:

Plantas a construír: 3 plantas.



Importe: 28.881.351,23 € euros

Financiamento REACT-EU: 25.000.000 euros.

1.1.- Orzamento detallado de execución por planta:

A) PLANTA DE VILANOVA DE AROUSA

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE
Estudio preliminar	7.800,00 €	9.438,00 €	7.200,00 €	8.712,00 €	15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (Básico e para AAI)	76.000,00 €	91.960,00 €	19.000,00 €	22.990,00 €	95.000,00 €	114.950,00 €
Terreo	1.597.715,12 €	1.922.642,01 €	- €	- €	1.597.715,12 €	1.922.642,01 €
Construción e posta en marcha	- €	- €	13.975.098,15 €	16.909.868,76 €	13.975.098,15 €	16.909.868,76 €
Dirección de obra	- €	- €	256.948,97 €	310.908,25 €	256.948,97 €	310.908,25 €
Coordinación seguridade e saúde	- €	- €	77.084,69 €	93.272,47 €	77.084,69 €	93.272,47 €
Taxas e licenzas municipais	15.183,50 €	15.183,50 €	356.954,33 €	356.954,33 €	372.137,83 €	372.137,83 €
TOTAL	1.696.698,62 €	2.039.223,51 €	14.692.286,14 €	17.702.705,82 €	16.388.984,76 €	19.741.929,33 €

Actuación	TOTAL		%
	sen IVE	con IVE	
Estudio preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €	0,09 %
Proxectos (Básico e para AAI)	95.000,00 €	114.950,00 €	0,58 %
Terreo	1.597.715,12 €	1.922.642,01 €	9,75 %
Construción e posta en marcha	13.975.098,15 €	16.909.868,76 €	85,27 %
Dirección de obra	256.948,97 €	310.908,25 €	1,57 %
Coordinación seguridade e saúde	77.084,69 €	93.272,47 €	0,47 %
Taxas e licenzas municipais	372.137,83 €	372.137,83 €	2,27 %
TOTAL	16.388.984,76 €	19.741.929,32 €	100,00 %

Esta planta ten capacidade para tratar 15.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se achega.

B) PLANTA DE CERVO

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE
Estudio preliminar	4.700,00 €	5.687,00 €	10.300,00 €	12.463,00 €	15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (básico E para AAI)	80.000,00 €	96.800,00 €	- €	- €	80.000,00 €	96.800,00 €
Terreo	201.299,04 €	242.739,31 €	- €	- €	201.299,04 €	242.739,31 €
Construción e posta en marcha	- €	- €	5.398.937,45 €	6.532.714,31 €	5.398.937,45 €	6.532.714,31 €
Dirección de obra	- €	- €	128.672,32 €	155.693,51 €	128.672,32 €	155.693,51 €
Coordinación seguridade e saúde	- €	- €	41.175,19 €	49.821,98 €	41.175,19 €	49.821,98 €
Taxas e licenzas municipais	79.418,22 €	79.418,22 €	53.119,88 €	53.119,88 €	132.538,10 €	132.538,10 €
TOTAL	365.417,26 €	424.644,53 €	5.632.204,84 €	6.803.812,68 €	5.997.622,10 €	7.228.457,21 €

Orzamento actualizado detallado de execución por planta

Actuación	TOTAL		%
	sen IVE	con IVE	
Estudio preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €	0,25 %
Proxectos (básico E para AAI)	80.000,00 €	96.800,00 €	1,33 %
Terreo	201.299,04 €	242.739,31 €	3,36 %
Construción e posta en marcha	5.398.937,45 €	6.532.714,32 €	90,02 %
Dirección de obra	128.672,32 €	155.693,51 €	2,15 %
Coordinación seguridade e saúde	41.175,19 €	49.821,98 €	0,69 %
Taxas e licenzas municipais	132.538,10 €	132.538,10 €	2,21 %
TOTAL	5.997.622,10 €	7.228.457,22 €	100,00 %

Esta planta ten capacidade para tratar 3.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se achega.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL,
SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



C) PLANTA DE VERÍN

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE	sen IVE	con IVE
Estudio preliminar	- €	- €	15.000,00 €	18.150,00 €	15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (Básico e para AAI)	29.585,00 €	35.797,85 €	50.415,00 €	61.002,15 €	80.000,00 €	96.800,00 €
Terreo	424.291,05 €	511.885,94 €	- €	- €	424.291,05 €	511.885,94 €
Construción e posta en marcha	- €	- €	5.673.067,71 €	6.864.411,93 €	5.673.067,71 €	6.864.411,93 €
Dirección de obra	- €	- €	128.672,32 €	155.693,51 €	128.672,32 €	155.693,51 €
Coordinación seguridade e saúde	- €	- €	41.175,19 €	49.821,98 €	41.175,19 €	49.821,98 €
Taxas e licenzas municipais	789,33 €	789,33 €	131.748,77 €	131.748,77 €	132.538,10 €	132.538,10 €
TOTAL	454.665,38 €	548.473,12 €	6.040.078,99 €	7.280.828,34 €	6.494.744,37 €	7.829.301,45 €

Actuación	TOTAL		%
	sen IVE	con IVE	
Estudio preliminar	15.000,00	18.150,00	0,23 %
Proxectos (Básico e para AAI)	80.000,00	96.800,00	1,23 %
Terreo	424.291,05	511.885,94	6,53 %
Construción e posta en marcha	5.673.067,71	6.864.411,93	87,35 %
Dirección de obra	128.672,32	155.693,51	1,98 %
Coordinación seguridade e saúde	41.175,19	49.821,98	0,63 %
Taxas e licenzas municipais	132.538,10	132.538,10	2,04 %
TOTAL	6.494.744,37	7.829.301,46	100,00 %

Esta planta ten capacidade para tratar 3.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se achega.

1.2 Detalle das actuacións financiáveis:

- Estudo preliminar de alternativas. Realizarase un estudo previo para definir as mellores alternativas no mercado para dar a mellor solución técnica á planta.
- Proxecto básico e proxecto para a obtención da AAI (inclúe levantamento topográfico, estudo xeotécnico, etc.). Neste proxecto definiranse todos os aspectos da instalación para poder licitar a construción e a operación da mesma, incluíndo os estudos xeotécnicos e levantamento topográfico do terreo. Ademais, inclúense toda a documentación para conseguir a Autorización Ambiental Integrada (AAI) e os permisos de construción.
- Compra de terreo. Neste apartado inclúese os gastos de compra do terreo, incluíndo gastos de notaría e rexistros, e as taxas e impostos correspondentes.
- Contrato para a construción e posta en marcha da planta. Neste apartado inclúense o importe da licitación da construción e posta en marcha da planta, ata as probas de garantía, tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta.
- Dirección de obra. Na dirección de obra inclúese toda a supervisión da obra desde o reformulo da parcela, a construción da soleira, a montaxe das naves, a montaxe da maquinaria incluíndo instalación eléctrica, instrumentación, contraincendios, fontanería etc., tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL,
SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



- Coordinador de seguridade e saúde. Na coordinación de seguridade incluírase os plans de seguridade da obra, así como o seguimento diario da montaxe das instalacións e as reunións de coordinación dos traballos que se realicen na planta, tal como aparecerá no Prego de Licitación.
- Taxas e licenzas municipais. Incluíranse todas a taxas e licenzas que a construción da planta necesite, incluíndo imposto construcións, instalacións e obra (ICIO) e as taxas de licenza de obra.

1.2.- Orzamento total e importe a subvencionar con fondos REACT:

Ubicación planta	APORTACIÓN	
	Investimento SOGAMA	Importe subvencionado
Vilanova de Arousa	16.388.984,76 €	13.914.139,00 €
Cervo	5.997.622,10 €	5.323.603,00 €
Verín	6.494.744,37 €	5.762.258,00 €
TOTAL	28.881.351,23 €	25.000.000,00 €

As tres plantas teñen capacidade para tratar 21.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se achega.

O valor do investimento de SOGAMA non inclúe o IVE

SEGUNDA.- Eficacia da presente Addenda

En todo o non modificado pola presente addenda seguirá en vigor o disposto no Convenio de colaboración asinado con data de 27 de xullo de 2021.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás entidades que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

O Presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente S. A. (SOGAMA)

Ángeles Vázquez Mejuto

Javier Domínguez Lino

